

ACTA NÚM. 14 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 16 DE NOVIEMBRE DE 2017.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **16 de novembro de 2017**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **interventora xeral do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste o concelleiro, Don Xan Xesús Duro Fernández.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación inicial dos expedientes de suplemento de crédito núm. 2017-SUPLE-03 e de crédito extraordinario núm. 2017-CREXT-04.**
- 4. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a ampliación do abastecemento e saneamento e outras melloras na parroquia de Bando.**
- 5. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á implantación dunha nova rotonda na rúa do Restollal e na intersección coa rúa de Rosa Pardo (Pontepedriña).**
- 6. Dar conta da execución orzamentaria correspondente ao terceiro trimestre do exercicio de 2017.**
- 7. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**
- 8. Rogos, preguntas e interpelacións.**
- 9. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:**
 - 1.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 332, presentada polo grupo municipal do BNG, para mellorar o servizo de atención e coidado do alumnado con necesidades de apoio especiais.

- 2.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 337, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, na que se solicitan melloras na rúa do Penedo e Parque Ponte Pereda, en Conxo.
- 3.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 338, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, contra o abandono do medio rural galego.
- 4.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 339, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre a licitación do novo centro de saúde de Conxo.
- 5.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 349, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para adopción de medidas urxentes para a protección do patrimonio rupestre.
- 6.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 350, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a celebración do XL aniversario da Constitución Española.
- 7.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 351, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para resolver os desequilibrios retributivos entre os diferentes corpos e forzas de seguridade do Estado.
- 8.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 353, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para solicitar a retirada do proxecto de reforma da Lei Galega de Saúde do ano 2008.

Antes de dar comezo á sesión plenaria gardase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

A continuación ten lugar a intervención na sesión plenaria de Don Xosé M^a Díos Diz, en representación da Plataforma SOS Sanidade Pública, en relación á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para solicitar a retirada do proxecto de reforma da Lei Galega de Saúde.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, aproba as actas plenarias correspondentes as seguintes sesións:

- Sesión ordinaria 16 de febreiro de 2017 (núm. 2)
- Sesión extraordinaria 18 de febreiro de 2017 (núm. 3)
- Sesión ordinaria 16 de marzo de 2017 (núm. 4)
- Sesión ordinaria 27 de abril de 2017 (núm. 5)
- Sesión ordinaria 18 de maio de 2017 (núm. 6)
- Sesión extraordinaria 6 de xuño de 2017 (núm. 7)
- Sesión ordinaria 15 de xuño de 2017 (núm. 8)
- Sesión ordinaria 20 de xullo de 2017 (núm. 9)
- Sesión extraordinaria 31 de xullo de 2017 (núm. 10)

Sesión ordinaria 21 de setembro de 2017 (núm. 11)
Sesión extraordinaria 11 de outubro de 2017 (núm. 12)
Sesión ordinaria 19 de outubro de 2017 (núm. 13)

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece a toma de posesión.

3. APROBACIÓN INICIAL DOS EXPEDIENTES DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 2017-SUPLE-03 E DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2017-CREXT-04.

O informe-proposta de data 3 de novembro do corrente ano, en relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“JesúsNoya Liste, en calidade de técnico da Oficina de Orzamentos, en virtude do art. 175 do ROF, teño a ben de emitir o seguinte,

INFORME-PROPOSTA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2017-SUPLE-03 DE IMPORTE 236.552,41 € E EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2017-CREXT-04 DE IMPORTE 327.976,81 €.

De conformidade co establecido no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, redáctase a presente memoria xustificativa da necesidade de aprobación dun expediente de modificación de créditos na modalidade de Suplemento de Crédito e Crédito Extraordinario motivados nos seguintes asuntos que se pasan a detallar.

ASUNTO 1: EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2017-SUPLE-03 PARA HABILITACIÓN ORZAMENTARIA NA APLICACIÓN 030/13600/15100 DE 219.552,41 € PARA ABONO HORAS EXTRAS DE BOMBEIROS E NA APLICACIÓN 050/15103/35200 DE 17.000,00 € PARA PAGAMENTO DE INTERESES DE SENTENZAS.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

En informe da directora da área de réxime interior (actual xefa accidental de xestión de persoal) de data 31 de outubro de 2017 que se achega como documentación anexa a este expediente, acredítase a inexistencia de crédito suficiente no orzamento actual para

facen fronte ao custo das horas extraordinarias xa realizadas e as previstas ata finais de ano (período xullo-novembro) en relación ao servizo de extinción de incendios e salvamento por unha contía de 219.552,41 €.

O importe da modificación orzamentaria proposta e un suplemento de crédito de **DOUSCENTOS DEZANOVE MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS, CON CORENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (219.552,41 €)** co obxecto de habilitar de crédito na aplicación orzamentaria 030/13600/15100 para dar cobertura á necesidade de crédito comunicada desde o departamento de persoal para facer fronte ás horas extraordinarias xa realizadas e as previstas para o período xullo-novembro de 2017.

Achégase como documentación anexa informe da directora da área de réxime interior (actual xefa accidental de xestión de persoal) de data 31 de outubro de 2017 que acredita a insuficiencia de crédito.

En informe da técnica de administración xeral de urbanismo de data 2 de novembro de 2017 co conforme do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais que se achega como documentación anexa a este expediente, acredítase a inexistencia de crédito suficiente no orzamento actual para facer fronte ao pago de xuros legais que corresponden en execución da sentenza firme 441/2016 de 31 de maio de 2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación ao P.O. 7872/2011 que resolve acoller o recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de data 20/10/2011 que fixa o prezo xusto da parcela número 45 do SUNP-5 de A Muíña por unha contía de 17.000,00 €.

O importe da modificación orzamentaria proposta e un suplemento de crédito de **DEZASETE MIL EUROS (17.000,00 €)** co obxecto de habilitar de crédito na aplicación orzamentaria 050/15103/35200 para dar cobertura á necesidade de crédito comunicada desde o departamento de expropiacións para facer fronte aos xuros legais que ten que aboar o Concello en relación a execución da sentenza firme 441/2016 de 31 de maio de 2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Achégase como documentación anexa informe da técnica de administración xeral de urbanismo de data 2 de novembro de 2017 co conforme do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais que acredita a necesidade de crédito e copia do acordo da XGL de data 20/10/2017 relativa á execución parcial da sentenza da parcela 45 do SUNP-5 de A Muíña.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cando haxa de realizarse algún gasto que non poda demorarse ata o exercicio seguinte (...) ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de (...) suplemento de crédito (...)”.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 01100 91300 nun importe de 151.023,19 € procedente dos aforros detectados na execución orzamentaria deste ano procedente dos créditos consignados para facer fronte ás amortización consignadas no Estado da Débeda do Concello. Os aforros proveñen da amortización anticipada de débeda realizada no marco da aplicación do RLT para gastos xerais do ano 2016, concretamente nos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02.

Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 01100 31000 nun importe de 36.200,00 € procedente dos aforros detectados na execución orzamentaria deste ano dos intereses consignados no Estado da Débeda do Concello. Os aforros proveñen da amortización anticipada de débeda realizada no marco da aplicación do RLT para gastos xerais do ano 2016, concretamente nos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02.

Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 040 93303 63200 incluída no proxecto de gasto 2016 4 CSOC 65 nun importe de 49.329,22 €.

Achégase como documentación anexa a este expediente, informe de data 2 de novembro de 2017 de desestimento do crédito dispoñible no proxecto de gasto 2016 4 CSOC 65 baixo a aplicación orzamentaria 040 93303 63200 asinado pola técnico de Centros Socio Culturais, responsable do centro xestor que xestiona a execución destes investimentos, co visto e praxe da Concelleira delegada de Centros Socio Culturais.

PROPOSTA

Logo de ver a necesidade de crédito comunicada pola xefa accidental de xestión de persoal en informe de data 31 de outubro de 2017 en contía de 219.552,41 € co obxecto de dar cobertura á necesidade comunicada desde o departamento de persoal para facer fronte ás horas extraordinarias do persoal do servizo de extinción de incendios e salvamento xa realizadas e as previstas para o período xullo - novembro de 2017, para os que o crédito orzamentario é insuficiente.

Logo de ver a necesidade de crédito comunicada pola técnica de administración xeral de urbanismo en informe de data 2 de novembro de 2017 en contía de 17.000,00 € co obxecto de dar cobertura ao pago de xuros legais que corresponden en execución da sentenza firme 441/2016 de 31 de maio de 2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación ao P.O. 7872/2011 que resolve acoller o recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución do Xurado de Expropiación de Galicia de data 20/10/2011 que fixa o prezo xusto da parcela número 45 do SUNP-5 de A Muíña, para os que o crédito orzamentario é insuficiente.

Considerando de que o Concello de Santiago dispón de crédito dispoñible no seu orzamento de gastos do ano 2017 para facer fronte a esta modificación orzamentaria, modalidade suplemento de crédito, a través da baixa por anulación de tres aplicacións do seu orzamento vixente non comprometidas.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do Expediente de Modificación de Créditos mediante Suplemento de Crédito do Orzamento municipal do ano 2017 baixo o número de referencia **2017-SUPLE-03**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

Habilitación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2017-SUPLE-03 por un importe total de 236.552,41 € co obxecto de, por unha banda, dar cobertura á insuficiencia de crédito comunicada desde o departamento de persoal para facer fronte ás horas extraordinarias do persoal do servizo de extinción de incendios e salvamento e, pola outra, para dar cobertura a insuficiencia de crédito comunicada desde o departamento de expropiacións para facer fronte ao pago de intereses por execución dunha sentenza firme. O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					TIPO MC	FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN							
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO		IMPORTE	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	
Insuficiencia de crédito para facer fronte ao custo das horas extraordinarias do Servizo de extinción de incendios e salvamento para o período xullo a novembro de 2017	030	13600	15100		219.552,41	SC	Aforros detectados na execución orzamentaria do crédito consignado no estado da débeda de 2017 para facer fronte á amortización dos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02	030	01100	91300		151.023,19	
Insuficiencia de crédito para o pago de intereses sentenza 441/2016 do T.S.X. de Galicia ditada no P.O. 7872/2011 en relación ao prezo xusto da parcela 45 do Proxecto de expropiación do solo do SUNP-5 de A Muíña	050	15103	35200		17.000,00		Aforros detectados na execución orzamentaria do crédito consignado no estado da débeda de 2017 para facer fronte ao pago de intereses dos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02	030	01100	31000		36.200,00	
							Obras de mellora e acondicionamento de Centros Socio Culturais	040	93303	63200	2016 4 CSOC 65		49.329,22
					236.552,41								236.552,41

ASUNTO 2: EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2017-CREXT-04 PARA HABILITACIÓN ORZAMENTARIA NA APLICACIÓN DE INVESTIMENTO 060/13600/62200 INCLUÍDA NO PROXECTO DE GASTO 2006/2/BOMB/7 POR IMPORTE DE 162.912,86 EUROS PARA DAR COBERTURA AO PAGAMENTO DA SENTENZA FIRME Nº 702/2016 DO T.S.X.G. –RECURSO DE APELACIÓN 4422/2016- RECAÍDA A FAVOR DA ENTIDADE MERCANTIL EXTRACO, CONSTRUCCIÓNS E PROXECTOS S.A. EN RELACIÓN Á RECLAMACIÓN DE ABONO DO IVE DA CERTIFICACIÓN Nº 5, DE LIQUIDACIÓN, DO CONTRATO DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO PARA O NOVO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS EN SALGUEIRIÑOS, E PARA HABILITACIÓN ORZAMENTARIA NA APLICACIÓN 070/43200/87210 POR IMPORTE DE 165.063,95 EUROS PARA DAR COBERTURA A UNHA ACHEGA EXTRAORDINARIA A INCOLSA PARA COMPENSACIÓN DE PERDAS.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

En informe da directora da área de réxime interior de data 30 de outubro de 2017 que se achega como documentación anexa a este expediente, acredítase a inexistencia de crédito no orzamento actual para facer fronte ao pagamento á mercantil EXTRACO, CONSTRUCCIÓNS E PROXECTOS S.A. do IVE que corresponde da certificación nº 5 de liquidación do contrato de Obras de construción dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños segundo o fixado na sentenza 702/2016 do T.S.X.G. -recurso de apelación 4422/2016- contra a sentenza de data 29.06.2013 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Santiago de Compostela , no P.O. 515/2013, polo que se estima parcialmente o antedito recurso presentado por EXTRACO e revoga aquela sentenza exclusivamente no sentido de que o Concello está tamén obrigado a aboarlle á autora o IVE correspondente da cantidade de 1.018.205,39 €, sen que a cantidade por IVE devengue xuros.

No tocante ao tipo impositivo de IVE aplicable á antedita certificación que cuantificaría o importe pendente de abonar, a intervención municipal solicitou aclaración á asesoría

xurídica que, mediante informe de data 11 de setembro de 2017, sinala que o tipo impositivo a aplicar para executar esta sentenza será do 16%, cuantificándose a débeda pendente e, polo tanto, o importe da necesidade de crédito nunha contía de 162.912,86 €.

O importe da modificación orzamentaria proposta é un crédito extraordinario de **CENTO SESENTA E DOUS MIL NOVECENTOS DOCE EUROS, CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (162.912,86 €)** co obxecto de habilitar de crédito na aplicación orzamentaria 060/13600/62200 incluída no proxecto de gasto 2006/2/BOMB/7 para dar cobertura ao pagamento á mercantil EXTRACO, CONSTRUCCIONES E PROXECTOS S.A. do IVE que corresponde da certificación nº 5 de liquidación do contrato de Obras de construción dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños segundo o fixado na sentenza 702/2016 do T.S.X.G. –recurso de apelación 4422/2016- contra a sentenza de data 29.06.2013 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Santiago de Compostela, no P.O. 515/2013, polo que se estima parcialmente o antedito recurso presentado por EXTRACO e revoga aquela sentenza exclusivamente no sentido de que o Concello está tamén obrigado a aboarlle á autora o IVE correspondente da cantidade de 1.018.205,39 €, sen que a cantidade por IVE devengue xuros, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada da execución dunha sentenza xudicial firme, para o que o crédito orzamentario é insuficiente ao non teren consignación no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2017.

Achégase como documentación anexa a este expediente:

Informe de 30 de outubro de 2017 asinado pola directora de área de Réxime Interior que xustifica a necesidade e a inexistencia de crédito no orzamento actual para a súa cobertura.

Sentenza nº 297/2016, do 29 de xuño de 2016, do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, recaída no P.O. 515/2013, pola que se declara a obriga do Concello de Santiago de Compostela de aboarlle a EXTRACO o importe de 1.018.205,39 €, e xuros de mora.

Sentenza nº 702/2016 do T.S.X.G. -recurso de apelación 4422/2016- contra a sentenza de data 29.06.2013 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Santiago de Compostela, no P.O. 515/2013, polo que se estima parcialmente o antedito recurso presentado por EXTRACO e revoga aquela sentenza exclusivamente no sentido de que o Concello está tamén obrigado a aboarlle á autora o IVE correspondente da cantidade de 1.018.205,39 €, sen que a cantidade por IVE devengue xuros.

Informe emitido polo asesor xurídico municipal en data de 11.09.2017 no que logo de concluír que é esixible o pagamento do IVE correspondente á certificación nº 5 antedita,

senalá que o tipo aplicable é o 16%, xa que considera que era o vixente cando se certificaron e recibiron as obras.

En informe da técnica de promoción económica de data 2 de novembro de 2017 co conforme da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo que se achega como documentación anexa a este expediente, acredítase a inexistencia de crédito no orzamento actual para facer fronte ao pagamento dunha achega extraordinaria de socios para compensación de perdas para a sociedade municipal de Turismo INCOLSA por unha contía de 165.063,95 €. Dita proposta acompáñase dun informe de Xerencia de INCOLSA de 27 de outubro de 2017 do impacto que tivo sobre o patrimonio neto da sociedade o aprovisionamento das notificacións recibidas da AEAT en relación coas liquidacións de IVE correspondentes ao exercicio 2015.

O importe da modificación orzamentaria proposta é un crédito extraordinario de **CENTO SESENTA E CINCO MIL SESENTA E TRES EUROS, CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (165.063,95 €)** co obxecto de habilitar de crédito na aplicación orzamentaria 070/43200/87210 para dar cobertura á necesidade de crédito dunha achega extraordinaria de socios para compensación de perdas comunicada desde a sociedade municipal de turismo INCOLSA para poder equilibrar o impacto que tivo sobre o patrimonio neto da sociedade o aprovisionamento das notificacións recibidas da AEAT en relación coas liquidacións de IVE correspondentes ao exercicio 2015.

Achégase como documentación anexa informe da técnica de área de promoción económica de data 2 de novembro de 2017 co conforme da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo que acredita a necesidade e inexistencia de crédito e informe de Xerencia de INCOLSA de 27 de outubro de 2017 do impacto que tivo sobre o patrimonio neto da sociedade o aprovisionamento das notificacións recibidas da AEAT en relación coas liquidacións de IVE correspondentes ao exercicio 2015.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cando haxa de realizarse algún gasto que non poda demorarse ata o exercicio seguinte (...) ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario (...).”

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Como recurso que financia este incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a utilizar polas Corporacións as anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Neste sentido, os recursos que van permitir o financiamento desta modificación orzamentaria proceden da baixa nas seguintes aplicacións orzamentarias de gasto que contan con crédito dispoñible neste exercicio económico e que contan co visto bo dos Concelleiros delegados responsables da diferentes áreas afectadas:

Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 01100 91300 nun importe de 227.976,81 € procedente dos aforros detectados na execución orzamentaria deste ano procedente dos créditos consignados para facer fronte ás amortización consignadas no Estado da Débeda do Concello. Os aforros proveñen da amortización anticipada de débeda realizada no marco da aplicación do RLT para gastos xerais do ano 2016, concretamente nos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02.

Aplicación do Fondo de Continxencia previsto no Orzamento Xeral do Concello do ano 2017 baixo a aplicación orzamentaria 030 92900 50000 de importe de 100.000,00 euros. Neste sentido, e seguindo o criterio establecido na base nº 19 das Bases de Execución do Orzamento 2017, este fondo destinarase, exclusivamente, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, non podendo imputarse directamente contra ningún gasto.

No caso que nos ocupa, téntase dar cobertura a unha achega extraordinaria a INCOLSA para compensación de perdas que permita equilibrar o seu patrimonio neto e non entre en causa de disolución, polo que este crédito vaise utilizar para facer fronte a un gasto de carácter non discrecional e non previsto no orzamento do ano 2017.

PROPOSTA

Logo de ter recibida comunicación da directora de área de réxime interior en informe de data 30 de outubro de 2017 de inexistencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento actual na aplicación 060/13600/62200 incluída no proxecto de gasto

2006/2/BOMB/7 para facer fronte ao pagamento á mercantil EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS S.A. do IVE que corresponde da certificación nº 5 de liquidación do contrato de Obras de construción dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños segundo o fixado na sentenza 702/2016 do T.S.X.G. –recurso de apelación 4422/2016- contra a sentenza de data 29.06.2013 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Santiago de Compostela, no P.O. 515/2013, polo que se estima parcialmente o antedito recurso presentado por EXTRACO e revoga aquela sentenza exclusivamente no sentido de que o Concello está tamén obrigado a aboarlle á autora o IVE correspondente da cantidade de 1.018.205,39 €, sen que a cantidade por IVE devengue xuros. Cuantifícase esta necesidade de crédito en 162.912,86 €.

Logo de ter recibida comunicación da técnica de promoción económica en informe de data 2 de novembro de 2017 de inexistencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento actual na aplicación 070/43200/87210 en contía de 165.063,95 € co obxecto de dar cobertura á necesidade dunha achega extraordinaria de socios para compensación de perdas comunicada desde a sociedade municipal de turismo INCOLSA para poder equilibrar o impacto que tivo sobre o patrimonio neto da sociedade o aprovisionamento das notificacións recibidas da AEAT en relación coas liquidacións de IVE correspondentes ao exercicio 2015.

Considerando de que o Concello de Santiago dispón de crédito dispoñible no seu orzamento de gastos do ano 2017 para facer fronte a esta modificación orzamentaria, modalidade crédito extraordinario, a través da baixa por anulación dunha aplicación do seu orzamento vixente non comprometida e a través da utilización do crédito recollido no seu Fondo de Continxencia.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do Expediente de Modificación de Créditos mediante Crédito Extraordinario do Orzamento municipal do ano 2017 baixo o número de referencia **2017-CREXT-04**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

Habilitación de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2017-CREXT-04 por un importe total de 327.976,81 euros co obxecto de, por unha banda, habilitar crédito na contía de 162.912,86 euros na aplicación orzamentaria 060/13600/62200 incluída no proxecto de gasto 2006/2/BOMB/7 para dar cobertura ao pagamento á mercantil EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS S.A. do IVE que corresponde da certificación nº 5 de liquidación do contrato de Obras de construción dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños segundo o fixado na sentenza 702/2016 do T.S.X.G. –recurso de apelación 4422/2016-, e pola outra, habilitar crédito na contía de 165.063,95 euros na aplicación orzamentaria 070/43200/87210 para dar cobertura á necesidade de

crédito dunha achega extraordinaria de socios para compensación de perdas comunicada desde a sociedade municipal de turismo INCOLSA para poder equilibrar o impacto que tivo sobre o patrimonio neto da sociedade o aprovisionamento das notificacións recibidas da AEAT en relación coas liquidacións de IVE correspondentes ao exercicio 2015. O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN E APLICACIÓN FONDO DE CONTINXENCIA						
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE
IVE recoñecido en Sentenza 702/2016 do T.S.X. de Galicia - recurso de apelación 4422/2016- a favor de Extraco, Construcción e Proxectos S.A. - en relación á Certificación nº 5, de liquidación, do Contrato de execución das obras de construción dun edificio para o novo Parque Comarcal de Bombeiros en Salgueiriños	060	13600	62200	2006 2 BOMB 7	162.912,86	CE	Aforros detectados na execución orzamentaria do crédito consignado no estado da débeda de 2017 para facer fronte á amortización dos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02	030	01100	91300	227.976,81
Achega extraordinaria a INCOLSA para compensación de perdas	070	43200	87210		165.063,95		Aplicación do Fondo de Continxencia co crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92900 50000 no seu importe de 100.000,00 €	030	92900	50000	100.000,00
					327.976,81						

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2017, e, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2017-SUPLE-03 con base no asunto primeiro que se describe no informe que antecede, cun monto global de **DOUSCENTROS TRINTA E SEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (236.552,41 euros)**.

Este expediente, que incorpora cinco asuntos, terá o seguinte detalle:

A)Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Habilitación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2017-SUPLE-03 por un importe total de 236.552,41 € co obxecto de, por unha banda, dar cobertura á insuficiencia de crédito comunicada desde o departamento de persoal para facer fronte ás horas extraordinarias do persoal do servizo de extinción de incendios e salvamento e, pola outra, para dar cobertura a insuficiencia de crédito

comunicada desde o departamento de expropiacións para facer fronte ao pago de intereses por execución dunha sentenza firme. O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO						TIPO MC	FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE		DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	
Insuficiencia de crédito para facer fronte ao custo das horas extraordinarias do Servizo de extinción de incendios e salvamento para o período xullo a novembro de 2017	030	13600	15100		219.552,41	SC	Aforros detectados na execución orzamentaria do crédito consignado no estado da débeda de 2017 para facer fronte á amortización dos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02	030	01100	91300		151.023,19	
Insuficiencia de crédito para o pago de intereses sentenza 441/2016 do T.S.X. de Galicia ditada no P.O. 7872/2011 en relación ao prezo xusto da parcela 45 do Proxecto de expropiación do solo do SUNP-5 de A Muíña	050	15103	35200		17.000,00		Aforros detectados na execución orzamentaria do crédito consignado no estado da débeda de 2017 para facer fronte ao pago de intereses dos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02	030	01100	31000		36.200,00	
							Obras de mellora e acondicionamento de Centros Socio Culturais	040	93303	63200	2016 4 CSOC 65		49.329,22
					236.552,41								236.552,41

B)Financiamento:

1. Baixas por anulación: **236.552,41 euros**

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	236.552,41 euros
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	236.552,41 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 236.552,41 euros

SEGUNDO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2017-CREXT-04 con base no asunto segundo que se describe no informe que antecede, por importe de **TRESCENTOS VINTESETE MIL NOVECIENTOS SETENTA E SEIS EUROS, CON OITENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (327.976,81 €)**.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A)Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Habilitación de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2017-CREXT-04 por un importe total de 327.976,81 euros co obxecto de, por unha

banda, habilitar crédito na contía de 162.912,86 euros na aplicación orzamentaria 060/13600/62200 incluída no proxecto de gasto 2006/2/BOMB/7 para dar cobertura ao pagamento á mercantil EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS S.A. do IVE que corresponde da certificación nº 5 de liquidación do contrato de Obras de construción dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños segundo o fixado na sentenza 702/2016 do T.S.X.G. –recurso de apelación 4422/2016–, e pola outra, habilitar crédito na contía de 165.063,95 euros na aplicación orzamentaria 070/43200/87210 para dar cobertura á necesidade de crédito dunha achega extraordinaria de socios para compensación de perdas comunicada desde a sociedade municipal de turismo INCOLSA para poder equilibrar o impacto que tivo sobre o patrimonio neto da sociedade o aprovisionamento das notificacións recibidas da AEAT en relación coas liquidacións de IVE correspondentes ao exercicio 2015. O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN E APLICACIÓN FONDO DE CONTINXENCIA							
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	
IVE recoñecido en Sentenza 702/2016 do T.S.X. de Galicia - recurso de apelación 4422/2016- a favor de Extraco, Construcción e Proxectos S.A. - en relación á Certificación nº 5, de liquidación, do Contrato de execución das obras de construción dun edificio para o novo Parque Comarcal de Bombeiros en Salgueiriños	060	13600	62200	2006 2 BOMB 7	162.912,86	CE	Aforros detectados na execución orzamentaria do crédito consignado no estado da débeda de 2017 para facer fronte á amortización dos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02	030	01100	91300	227.976,81	
Achega extraordinaria a INCOLSA para compensación de perdas	070	43200	87210		165.063,95		Aplicación do Fondo de Continxencia co crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92900 50000 no seu importe de 100.000,00 €	030	92900	50000	100.000,00	
					327.976,81							327.976,81

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 327.976,81 euros

TERCEIRO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Así mesmo, figura no expediente informe de intervención, núm. 831/2017.

Rematado o debate, e de conformidade co informe-proposta transcrito e demais documentación que obra no expediente, máis o ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión do día 9 de novembro do corrente ano e acordo da Xunta de Goberno do día 10 de novembro de 2017, o Pleno por 14 votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións dos/as concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2017-SUPLE-03 con base no asunto primeiro que se describe no informe que antecede, cun monto global de DOUSCENTROS TRINTA E SEIS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (236.552,41 euros).

Este expediente, que incorpora cinco asuntos, terá o seguinte detalle:

A) Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Habilitación de suplemento de crédito baixo o número de expediente 2017-SUPLE-03 por un importe total de 236.552,41 € co obxecto de, por unha banda, dar cobertura á insuficiencia de crédito comunicada desde o departamento de persoal para facer fronte ás horas extraordinarias do persoal do servizo de extinción de incendios e salvamento e, pola outra, para dar cobertura a insuficiencia de crédito comunicada desde o departamento de expropiacións para facer fronte ao pago de intereses por execución dunha sentenza firme. O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					TIPO MC	FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO		IMPORTE	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	
Insuficiencia de crédito para facer fronte ao custo das horas extraordinarias do Servizo de extinción de incendios e salvamento para o período xullo a novembro de 2017	030	13600	15100		219.552,41	SC	Aforros detectados na execución orzamentaria do crédito consignado no estado da débeda de 2017 para facer fronte á amortización dos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02	030	01100	91300		151.023,19	
Insuficiencia de crédito para o pago de intereses sentenza 441/2016 do T.S.X. de Galicia ditada no P.O. 7872/2011 en relación ao prezo xusto da parcela 45 do Proxecto de expropiación do solo do SUNP-5 de A Muíña	050	15103	35200		17.000,00		Aforros detectados na execución orzamentaria do crédito consignado no estado da débeda de 2017 para facer fronte ao pago de intereses dos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02	030	01100	31000		36.200,00	
							Obras de mellora e acondicionamento de Centros Socio Culturais	040	93303	63200	2016 4 CSOC 65		49.329,22
					236.552,41								236.552,41

B) Financiamento:

Baixas por anulación: 236.552,41 euros

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito	236.552,41 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	236.552,41 euros
b) Baixas por anulación	
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 236.552,41 euros.

Segundo: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2017-CREXT-04 con base no asunto segundo que se describe no informe que antecede, por importe de TRESCENTOS VINTESETE MIL NOVECIENTOS SETENTA E SEIS EUROS, CON OITENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (327.976,81 €).

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Habilitación de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2017-CREXT-04 por un importe total de 327.976,81 euros co obxecto de, por unha banda, habilitar crédito na contía de 162.912,86 euros na aplicación orzamentaria 060/13600/62200 incluída no proxecto de gasto 2006/2/BOMB/7 para dar cobertura ao pagamento á mercantil EXTRACO, CONSTRUCCIONES E PROXECTOS S.A. do IVE que corresponde da certificación nº 5 de liquidación do contrato de Obras de construción

dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños segundo o fixado na sentenza 702/2016 do T.S.X.G. -recurso de apelación 4422/2016-, e pola outra, habilitar crédito na contía de 165.063,95 euros na aplicación orzamentaria 070/43200/87210 para dar cobertura á necesidade de crédito dunha achega extraordinaria de socios para compensación de perdas comunicada desde a sociedade municipal de turismo INCOLSA para poder equilibrar o impacto que tivo sobre o patrimonio neto da sociedade o aprovisionamento das notificacións recibidas da AEAT en relación coas liquidacións de IVE correspondentes ao exercicio 2015. O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN E APLICACIÓN FONDO DE CONTINXENCIA							
DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			IMPORTE	
IVE recoñecido en Sentenza 702/2016 do T.S.X. de Galicia - recurso de apelación 4422/2016- a favor de Extraco, Construcción e Proxectos S.A. - en relación á Certificación nº 5, de liquidación, do Contrato de execución das obras de construción dun edificio para o novo Parque Comarcal de Bombeiros en Salgueiriños	060	13600	62200	2006 2 BOMB 7	162.912,86	CE	Aforros detectados na execución orzamentaria do crédito consignado no estado da débeda de 2017 para facer fronte á amortización dos préstamos 2000-1-CGAL02 e 2009-1-CGAL02	030	01100	91300	227.976,81	
Achega extraordinaria a INCOLSA para compensación de perdas	070	43200	87210		165.063,95		Aplicación do Fondo de Continxencia co crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92900 50000 no seu importe de 100.000,00 €	030	92900	50000	100.000,00	
					327.976,81							327.976,81

B) Financiamento:

Baixas por anulación: 327.976,81 euros

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	327.976,81 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	327.976,81 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 327.976,81 euros

Terceiro: Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

Cuarto: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo do mesmo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO E OUTRAS MELLORAS NA PARROQUIA DE BANDO.

Con data 31 de outubro do corrente ano e número de rexistro 327, o grupo municipal do Partido Popular presentou a proposición que a seguir se transcribe:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Bando situada na zona norte do Concello conta con sete entidades singulares de poboación na que residen 960 habitantes (IGE, 2016). Nos 8,34 kms do seu territorio radican un bo número de empresas e entidades -entre elas os complexos informativos da RTVG e da TVE- e por ela discorre a antiga estrada N-634 e a autovía A-54 que enlaza con Lugo, así como o tramo final do Camiño Francés ata o Monte de Gozo, a partir de onde se adentra na parroquia de San Lázaro.

Nunha xuntanza mantida no pasado mes de outubro con representantes veciñais nesta parroquia recolleemos unha serie de demandas que, pola súa transcendencia e posibilidade de seren asumidas na acción municipal incluimos nesta iniciativa.

En primeiro lugar, coincidindo coa prioridade sinalada pola propia veciñanza, propoñemos a ampliación do servizo de saneamento e abastecemento, servizos básicos que desde hai anos chegan a varios puntos da parroquia -principalmente ao longo do trazado da estrada principal que conecta con Lavacolla- pero do que carecen moitas vivendas sobre todo as situadas na zona norte da parroquia. Polo súa importancia ambiental, e tendo en conta a densidade de actividades empresariais que se rexistran nesta zona, sería conveniente trazar unha planificación global que permitira ir estendendo de forma gradual estes servizos con criterios obxectivos de prioridade para facilitar a súa execución, dispoñendo así dun documento que facilitara a negociación con outras instancias (Deputación e Xunta de Galicia) para facer fronte ao financiamento.

Unha segunda actuación sobre a que chaman a atención os veciños fai referencia á vía de enlace entre San Marcos e a autovía A-54 que coincide coa rúa do Castro. Trátase dunha vía local moi estreita e sen beiravías, na que escasamente se poden cruzar dous turismos, a pesar de ter un tránsito habitual moi elevado, á marxe da gran intensidade das últimas semanas motivada polo corte da N-634 na ponte sobre a AP-9 en San Lázaro. A ampliación da plataforma para facilitar a mobilidade de vehículos e peóns non debería supoñer un gran esforzo económico, se temos en conta que se trata dun treito de pouco máis de 400 metros que xa conta na actualidade cunha franxa de terreo susceptible de ser aproveitada para este fin. Acadaríase así unha notable mellora nesta importante conexión entre a estrada N-634 de acceso a Lavacolla e autovía A-54 Santiago-Lugo, que a pesar de presentar un firme en bo estado sen dúbida precisa esta ampliación.

Outra actuación viaria que reclama a veciñanza da parroquia é o alargo do acceso ao lugar de Pousada, que presenta dificultades para o tránsito do autobús urbano debido á súa estreiteza, especialmente nun tramo concreto no que non é posible o cruzamento de dous vehículos.

Por último sinálase a necesidade de dotar á parroquia dun parque infantil e doutro biosaudable, que poderían ser radicados no contorno do centro sociocultural da parroquia no Coto dos Olmos. Como complemento desta dotación debería contemplarse tamén a posibilidade de habilitar unha senda pola beiravía desde a antiga estrada N-634 que mellorase a seguridade e facilitase a conexión co centro sociocultural, un traxecto de pouco máis de 400 metros que nunha parte do seu tramo final coincide co trazado do Camiño Francés.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal presenta para a consideración da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno Municipal a que planifique e execute de forma sucesiva, conforme ás posibilidades orzamentarias, as seguintes actuacións no ámbito da parroquia de Bando:

1. A redacción dun proxecto de ampliación do saneamento e abastecemento na zona norte de Bando, naqueles lugares que carezan destes servizos básicos, marcando unha priorización que permita desenvolver a súa execución por fases a partir do vindeiro ano 2018.

2.A redacción dun proxecto para a ampliación e mellora da plataforma da rúa do Castro que serve de enlace entre a antiga N-634 e a autovía A-54 Santiago-Lugo, para afrontar a súa construción, xestionando a participación económica doutras administracións.

3. O estudo para a mellora das condicións do acceso ao lugar de Pousada, que facilite o tránsito dos autobuses e, en xeral, a mobilidade da veciñanza.

4. A incorporación á planificación en materia de equipamentos sociais dun parque infantil e dun parque biosaudable, contemplando a posibilidade da súa instalación no contorno do centro sociocultural da parroquia.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acordainstar ao correspondente órgano do goberno municipal a que planifique e execute de forma sucesiva, conforme ás posibilidades orzamentarias, as seguintes actuacións no ámbito da parroquia de Bando:

1. A redacción dun proxecto de ampliación do saneamento e abastecemento na zona norte de Bando, naqueles lugares que carezan destes servizos básicos, marcando unha priorización que permita desenvolver a súa execución por fases a partir do vindeiro ano 2018.

2.A redacción dun proxecto para a ampliación e mellora da plataforma da rúa do Castro que serve de enlace entre a antiga N-634 e a autovía A-54 Santiago-Lugo, para afrontar a súa construción, xestionando a participación económica doutras administracións.

3. O estudo para a mellora das condicións do acceso ao lugar de Pousada, que facilite o tránsito dos autobuses e, en xeral, a mobilidade da veciñanza.

4. A incorporación á planificación en materia de equipamentos sociais dun parque infantil e dun parque biosaudable, contemplando a posibilidade da súa instalación no contorno do centro sociocultural da parroquia.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA Á IMPLANTACIÓN DUNHA NOVA ROTONDA NA RÚA DO RESTOLLAL E NA INTERSECCIÓN COA RÚA DE ROSA PARDO (PONTEPEDRIÑA).

O texto da proposición do epígrafe, presentada con data de 6 de novembro do corrente ano e número de rexistro 328, ten o seguinte contido:

“Exposición de motivos

A Rúa do Restollal e o seu tramo de continuidade na Rúa do Castiñeiriño son herdeiras do antigo trazado da estrada nacional N-525 Benavente-Santiago de Compostela na entrada a nosa cidade. Historicamente supuxeron un tramo de elevada inseguridade viaria con numerosos atropelos de peóns, en algúns casos con resultados mortais, que continúan moi presentes na memoria colectiva da nosa cidadanía. Na actualidade a Rúa do Restollal é de titularidade municipal e mantén a xeometría coa que foi transferida polo Ministerio de Fomento co engadido, ademais, dunha das saídas do aparcamento subterráneo do centro comercial lindante. Co paso dos anos perdeu a súa natureza de estrada pasando a ser unha rúa totalmente integrada na trama urbana da cidade: novos polígonos urbanísticos, consolidación da súa fachada histórica por renovación das edificacións, implantación dun centro comercial de referencia comarcal, equipamentos deportivos, educativos e sociais, etc.

Con todo, esta integración non estivo acompañada da súa transformación e adaptación física a nova realidade, mantendo en parte as súas problemáticas de orixe e aparecendo outras novas. A súa actual configuración favorece especialmente os tráfico rodados pasantes, a moi alta velocidade, penalizando a interrelación do barrio coa súa propia rúa estruturante, constituíndo unha barreira física tanto para os vehículos como para os peóns e que as actuacións puntuais levadas a cabo no modificaron substancialmente esta situación. Outra cuestión que debe terse en conta é que o previsto traslado da estación de autobuses a súa nova configuración en intercambiador na Rúa de Clara Campoamor, incrementará os tráfico circulantes, especialmente de autobuses, pola Rúa do Restollal.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE é consciente da elevada inversión necesaria para afrontar a renovación integral e a humanización da Rúa do Restollal, como por exemplo a ampliación e mellora das beirarrúas do seu marxe este. Non obstante creemos necesario abordar por pasos sucesivos a súa mellora, tendo en conta que a construción desta rotonda conlevará as seguintes vantaxes:

1. En primeiro lugar producirá un efecto de calmado del tráfico, coa consecuente redución da velocidade de circulación dos tráfico e a mellora da seguridade viaria.
2. Favorecerá o xiro dos vehículos provenientes do centro da cidade cara as rúas existentes entre a Rúa do Restollal e a Rúa da Estrada e que na actualidade deben subir ata a rotonda do Castiñeiriño para efectuar un cambio de sentido, sobrecargando aínda mais unha rotonda con numerosos atascos nos seus accesos.
3. Reordenará a saída do aparcamento subterráneo do centro comercial lindante e cuxa configuración actual preferente desembarca en medio da calzada da rúa entre carrís de circulación, constituíndo un punto de conflito polos trenzados desordenados que se producen en dito punto e que ocasionaron diversos accidentes de tráfico, algúns incluso con envorco de vehículos.

4. Reorganizará adecuadamente a distribución dos carrís de baixada da rúa, especialmente os de acceso á rotonda de Pontepedriña cuxa situación actual de tres carrís favorece adiantamentos a alta velocidade para mellorar a posición de espera na chegada a dita rotonda.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

Instar ao goberno municipal a redactar o proxecto de construción dunha nova rotonda na Rúa do Restollal, á altura da intersección coa Rúa de Rosa Pardo, e proceder á súa execución á maior brevidade posible.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 3 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros e concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 20 abstencións correspondentes aos/as concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (9 CA, 9 PP e 2 BNG), acorda instar ao goberno municipal a redactar o proxecto de construción dunha nova rotonda na Rúa do Restollal, á altura da intersección coa Rúa de Rosa Pardo, e proceder á súa execución á maior brevidade posible.

6. DAR CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO DE 2017.

O Pleno da Corporación queda coñecedor da execución orzamentaria correspondente ao terceiro trimestre do exercicio de 2017.

7. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, comprendidas entre o período do 29 de setembro ao 23 de outubro de 2017 (núms. 6104 ao 6746).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta sesión ordinaria do día 6 de outubro de 2017 (Núm. 70).

Acta sesión ordinaria do día 13 de outubro de 2017 (Núm. 71).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 18 de outubro de 2017 (Núm. 72).

Acta sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2017 (Núm. 73).

Acta sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2017 (Núm. 74).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 27 de outubro de 2017 (Núm. 75).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 31 de outubro de 2017 (Núm. 76).

8. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 329.
- 2.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 330.
- 3.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 331.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 334.
- 2.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 336.
- 3.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 341.

PREGUNTA RESPOSTA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 335.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 333.
- 2.- Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 340.

PREGUNTA RESPOSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 352.

ROGOS,PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 342.
- 2.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 343.
- 3.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 344.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 345.
- 2.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 346.
- 3.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 347.

PREGUNTAS RESPONSA ESCRITA:

- 1.- Rexistro de entrada do día 10 de novembro de 2017, núm. 355.
- 2.- Rexistro de entrada do día 13 de novembro de 2017, núm. 356?

INTERPELACIÓN:

- 1.- Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 343.

A pregunta oral formulada polo grupo municipal do Partido Popular o día 8 de novembro do corrente ano, e número de rexistro 346, foi retirada a petición do seu portavoz.

No inicio do debate dos rogos auséntase a señora Interventora e xa non se reincorpora á sesión.

Ao remate do debate do presente punto faise un receso cando son as 18:50 horas, e vólvese a reanudar a sesión ás 19:10 horas.

9. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 332, presentada polo grupo municipal do BNG, para mellorar o servizo de atención e coidado do alumnado con necesidades de apoio especiais.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para mellorar o servizo de atención e coidado do alumnado con necesidades de apoio especiais nos comedores escolares de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de auxiliares técnicas e educativas de Galiza (ASATE) enviou unha carta ao alcalde de Santiago para expresar o seu rexeitamento pola situación creada a raíz do proceso para a contratación do servizo de comedores escolares xestionados polo Concello de Santiago que inclúe unha cláusula que especifica que a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria achegará os coidadores para a atención de alumnado con necesidades educativas especiais que teñan asignados.

No prego de prescricións técnicas que rexe a contratación da xestión do servizo de comedores escolares detállase que o persoal correrá totalmente por conta da empresa adxudicataria, que será a única responsábel da súa contratación e da relación laboral entre o persoal traballador e a empresa adxudicataria (...) sen que en ningún caso, da

prestación de funcións por parte deste persoal derive relación laboral algunha do mesmo, nin co Concello de Santiago nin co centro de ensino no que preste o seu servizo.

Dise ademais que a empresa adxudicataria porá a disposición de cada centro o persoal monitor de atención ao alumnado, baixo as directrices da persoa responsábel do comedor, e que desenvolverán como mínimo as funcións de coidado e apoio ao alumnado que pola súa idade ou necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dunha persoa adulta nas actividades de alimento e aseo.

Por estes motivos, resulta incoherente que se solicite que o persoal coidador da Xunta de Galiza asuma tarefas que en todo caso corresponderían ao persoal da empresa contratada polo Concello para a realización do servizo de comedores e que xa viñan realizando.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Concello de Santiago de Compostela dará unha instrución para que a empresa adxudicataria dos comedores contrate o persoal para as funcións de coidadores de persoas con necesidades especiais.

2. - O Concello de Santiago garantirá o cumprimento do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, así como os dereitos dos/as traballadores/as emendando a petición cursada no seu día á Xefatura Territorial de Educación.

Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 337, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, na que se solicitan melloras na rúa do Penedo e Parque Ponte Pereda, en Conxo.

A rúa do Penedo, no barrio de Conxo, conta con sete bloques de vivendas, coñecidos popularmente como as “vivendas da Campsa”, nos que na actualidade residen 56 familias, moitas delas formadas por persoas maiores con escasos recursos económicos. Estes inmobles foron obxecto ao longo destas décadas de diferentes obras de reforma para adaptarse aos tempos -promovidas polos seus propietarios-, pero o certo é que a día de hoxe, e malia contar con catro andares, seguen carecendo de ascensores dado o seu elevado custe e as limitacións económicas de moitos dos seus residentes.

Dotar á veciñanza destes bloques de ascensores -que nalgúns casos está imposibilitada e condenada a non saír da súa vivenda por non poder subir e baixar a pé- debe ser un obxectivo para o goberno municipal, que pode incluír a estas vivendas no Plan de Ascensores, como fixo con vivendas doutras zonas e barrios da cidade.

A esta importante demanda únese a dificultade para estacionar. A rúa xa dispón de poucas prazas no tramo situado diante destes bloques -un total de 14-, pero dende que se iniciaron as obras do túnel de Conxo, estas 14 prazas quedaron reducidas á metade. E, aínda que no seu momento a veciñanza entendeu esta redución, na actualidade non ten sentido, posto que a intervención xa está rematada. Debido a esta limitación, que continúa vixente, e ao feito de que non teñen tarxeta de residente, as e os habitantes deste inmobles vense a diario con verdadeiros problemas para estacionar o seu vehículo, mesmo na contorna, xa que se trata dunha zona moi utilizada por estudantes e traballadores deste barrio.

Os problemas de mantemento tamén son numerosos no parque infantil Ponte Pereda e no espazo verde e de lecer situado na parte traseira das vivendas, unha zona moi frecuentada por nenos e maiores, sobre todo durante as tardes e as fins de semana. Un parque infantil que non ten o solo adaptado á normativa europea; unha fonte sen limpar as follas dende hai anos e sen funcionar; un firme levantado en moitos tramos polas raíces -o que provoca numerosas caídas-; e escasos puntos de luz.

Por todo o exposto cello, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Incluír os sete bloques de vivendas coñecidos como os da Campsa, en rúa do Penedo, no Plan de Ascensores, de modo que se poidan beneficiar das subvencións públicas para a súa instalación.
- 2.- Recuperar de forma inmediata as prazas de aparcadoiro perdidas durante as obras de execución do túnel de Conxo.
- 3.- Outorgar a tarxeta de residente ás persoas que viven nestes bloques de vivendas para facilitar o aparcamento na rúa do Penedo e proximidades.
- 4.- Levar a cabo as actuacións de mellora e mantemento do parque infantil Ponte Pereda e espazo de lecer situados na traseira destes bloques de vivendas.

Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 338, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, contra o abandono do medio rural galego.

A recente vaga de lumes que ven de afectar ao rural galego fai escasos días, puxo de manifesto a vulnerabilidade do territorio, rural e urbano, ante un simple evento climático extremo, e lembrou ao conxunto da sociedade galega, que non poden existir unha Galicia de dúas velocidades, pois mal lle vai ir a unha si lle vai mal a outra.

O lume que chegou as portas da maior cidade de Galicia e o exemplo da traxedia do veciño Portugal con máis de cen persoas falecidas este verán polo lume incontrolado, puxeron diante dos ollos dos galegos a profunda crise que vive o rural galego, e o escenario futuro de catástrofe cara o que nos encamiñamos como sociedade, se persiste o abandono do noso rural, e a necesidade de abrir os ollos e afrontar a realidade con medidas intelixentes, antes de que sexa demasiado tarde.

Levamos décadas de desatención, envellecemento demográfico, falta de relevo xeracional nas explotacións, abandono da actividade agraria e gandeira, eliminación de toda clase de servizos públicos: peches de escolas e centros de saúde, retirada de liñas de autobuses, procesos todos que están a dar como resultado o abandono da poboación rural, o cese da actividade produtiva no territorio, e a transformación da nosa paisaxe e territorio cara unha realidade estrutural chea de perigos.

Sen actividade produtiva non hai xestión do territorio nin control da biomasa, nin mantemento dos cortalumes naturais que supoñen prados, pastos, cultivos e terras de labor. Porque o que non xestionemos nos coa actividade, vaino xestionar o lume.

Pero non pode haber actividade produtiva si está non é rendible, nin pode haber actividade produtiva si non hai xente que aposte por vivir no rural e facer del a súa forma de vida. E para que iso suceda, a xente ten que ter servizos e calidade de vida a altura dos tempos en que vivimos, así como percibir un recoñecemento por parte da sociedade polo labor desenvolto no rural, e unha aposta clara das Administracións Públicas por manter un rural vivo, activo e con futuro.

Por todo o exposto e dada a importancia que o rural representa neste Concello, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Solicitar a Presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representadas todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan facer achegas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono do medio rural galego.

2.- Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente e sostida no tempo que permita afrontar de xeito claro e o marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia

actual.

3.- Aplicación de inmediato dun paquete de medidas urxentes de contención económica que asegure a supervivencia das explotacións que se viron afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e os lumes catastróficos.

4.- Pedir que non se retrase nin un día máis a solución aos graves problemas estruturais que ameazan o futuro de agricultores e gandeiros, como a mobilidade de terras que permita o acceso ás terras aos mozos que se incorporarán nos próximos anos.

5.- Propoñer unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes. Buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e buscando fórmulas que permitan poñer en produción agraria ou forestal as máis de 300.000 ha de montes veciñais en estado de grave abandono. Dando valor engadido á madeira dos nosos montes e xerando emprego industrial no rural.

6.- Reformar o Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, de forma que estes Fondos da UE se dediquen realmente ao apoio a agricultores e gandeiros, reforzando as súas rendas, a través do coidado medioambiental do territorio que supoñen as terras agrarias.

7.- Abrir novas oportunidades económicas a través das enerxías renovables, na procura dun modelo multifuncional do noso rural, onde caiban novas iniciativas de creación de riqueza e emprego.

8.- Garantir unha axeitada electrificación e unha axeitada chegada da banda ampla de internet a todo o territorio rural galego, en condicións de igualdade coa calidade de acceso no medio urbano, para poder facilitar a chegada da Sociedade da Información e aposta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.

9.- Apostar polos servizos no rural galego, mantendo os puntos de atención sanitaria e asistencial. Buscar solucións para evitar o peche de escolas, como desprazar rapaces das vilas aos lugares para completar o alumnado antes de pechar unha escola, garantindo o nivel de calidade na formación no ensino primario e secundario. Fomentando as axudas para natalidade e conciliación no medio rural.

10.- Poñer fin a sucesión de accións punitivas inxustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica, (catastrazo, inspeccións abusivas de Traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc).

É tempo pois da acción, da toma de medidas inmediatas que creen un punto de inflexión a partir do cal empezar a gañar o futuro do rural. Porque non é certo que no rural non

haxa nada que facer, senón ao contrario, no noso rural está todo por facerse para gañar o futuro.

Rexistro de entrada do día 7 de novembro de 2017, núm. 339, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre a licitación do novo centro de saúde de Conxo.

O noso actual Sistema Nacional de Saúde baséase no dereito constitucional á protección da saúde recoñecido na nosa Carta Magna, dereito que articulou e desenvolveu a Lei Xeral de Sanidade en 1986. Nos 31 anos transcorridos desde entón, sen dúbida, un dos máis relevantes avances e melloras que se produciron no SNS foi a reforma e desenvolvemento da Atención Primaria de Saúde que deseñaba un novo modelo, un novo concepto de atención primaria inspirado na Declaración de Alma-Ata (Conferencia da OMS-Unicef de 1978).

Así mesmo, a II Conferencia de Presidentes, reunida en setembro de 2005, incluíu entre os seus acordos, “aumentar os recursos e a capacidade de resolución da atención primaria”.

O obxectivo deste acordo é acadar unha atención primaria de calidade, orientada ao cidadán, que teña unha alta capacidade de resolución e que potencie a continuidade asistencial, contando cuns profesionais motivados e capacitados e cunha organización descentralizada, participada e eficiente.

A atención primaria de saúde ten un papel primordial dentro da atención sanitaria, por ser a base do sistema sanitario e primeiro nivel de atención, o nivel máis accesible e a porta de entrada. O desenvolvemento do novo modelo de atención primaria supón, entre outras cousas, dotar os centros de mellor estrutura física.

Nesta liña, a elaboración do Plan de Mellora de Atención Primaria de Galicia 2007-2011 supuxo a identificación de tres grandes liñas estratéxicas: a calidade asistencial, a capacidade de resolución e a continuidade asistencial.

Un dos obxectivos básicos deste Plan de Mellora de Atención Primaria de Galicia foi estender a cobertura do novo modelo e continuar mellorando a accesibilidade aos dispositivos de apoio. Isto incluía a planificación e execución da construción de novos centros de saúde así como as reformas e melloras nas actuais infraestruturas e equipamentos.

Para o cumprimento deste obxectivo, a Xunta de Galicia elaborou o Plan Director de Infraestruturas Sanitarias de Galicia 2008-2013. Este Plan Director de Infraestruturas Sanitarias tiña que supor unha importante actualización da rede de centros de saúde da

Comunidade Autónoma de Galicia, coa previsión da construción de 66 novos centros de saúde e a realización de grandes reformas en 22 centros de saúde.

O Consello da Xunta de Galicia do 14 de outubro de 2010 aprobou o Plan de Modernización de Infraestruturas sanitarias 2010-2013 para mellorar a asistencia e responder axeitadamente ás necesidades dos cidadáns, incluíndo a construción de 19 novos centros de saúde de toda Galicia. Estes centros distribuíanse na área sanitaria da Coruña (Arteixo-Villarodís, Malpica-Buño, Cambre-OTemple, Culleredo-O Portádego); na área de Ferrol (Ares, A Capela-As Neves); na de Ourense (O Vinteún, Ribadavia, Barbadás-Valenzá, Pontedeva), na de Santiago (Ames- Milladoiro, Galeras, Conxo), na de Vigo (Oia, Tui, Gondomar), na de Pontevedra (Marín, Nigrán-Panxón, Illa Arousa).

O certo é que a construción e posta en marcha das novas infraestruturas de atención primaria e especializada non só era positivo para o mantemento da saúde da cidadanía, se non que tamén servía de revulsivo á economía e creaba postos de traballo na Comunidade Autónoma.

“A construción destes centros de saúde enmárcase no Plan de Modernización de Infraestruturas Sanitarias. Entre outros aspectos, este plan reforza a Atención Primaria e impulsa a xeración de emprego, tanto a curto prazo, para a construción das infraestruturas, como a longo prazo, para levar a cabo as tarefas de mantemento”; son verbas da ex Conselleira de Sanidade, Pilar Farjas.

Nembargantes, o Consello da Xunta aprobou no seu momento a licitación de 14 centros de saúde dos 19 previstos no Plan de Modernización de Infraestruturas sanitarias 2010-2013, esquecendo o Centro de Saúde de Conxo e desaparecendo este dos diferentes orzamentos da Xunta aprobados desde entón.

O novo Centro de Saúde de Conxo ten prevista una dotación dunha decena de consultas de medicina xeral, sete de enfermaría, dúas de pediatría e catro consultas de fisioterapia; ofertando un equipamento necesario para atender a poboación dunha área do noso Concello que está a medrar nos últimos dez anos.

Por todo o exposto e dada a importancia que o rural representa neste Concello, o Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar á Consellería de Sanidade a incluír nos orzamentos da Xunta de Galicia para o 2018 o centro de saúde de Conxo, e que proceda a súalicitación á maior brevidade posible.

2.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade, ó Parlamento de Galicia e ó Presidente da Xunta.

3.- Comunicar a presente proposición da Corporación Municipal de Santiago de Compostela ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 349, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para adopción de medidas urxentes para a protección do patrimonio rupestre.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2016 o Pleno municipal aprobou por unanimidade unha proposición presentada por este grupo para a o impulso do centro de interpretación de Vilvestro e a catalogación do patrimonio rupestre existente no Concello de Santiago. Daquela, propúñase a realización dun inventario detallado e o máis exhaustivo posible dos petróglifos existentes, a solicitude á Xunta de Galicia da declaración, catalogación e inclusión destas insculpturas no inventario de Bens de Interese Cultural (BIC) de Galicia e nas normas e disposicións autonómicas e locais que contribúan a garantir o seu coñecemento e protección. Por último, a proposta aprobada instaba ao Concello a poñer en marcha un conxunto de medidas destinadas a promover a difusión deste importante legado cultural entre a veciñanza e visitantes co impulso do centro de interpretación de Vilvestro e a súa páxina web como primeiros pasos.

Pois ben, transcorrido máis dun ano os únicos adiantos apreciables neste medida son os levados a cabo pola Xunta de Galicia que neste tempo, e coa colaboración do Colectivo A Rula, procedeu á catalogación de medio centenar de gravados, boa parte deles situados na parroquia de Vilvestro pero tamén noutros puntos do territorio municipal. Por parte do Concello de Santiago, que se tiña comprometido publicamente á preservación e mantemento dos enclaves, apenas ten transcendido ningunha medida práctica para a protección e difusión deste legado milenario.

Hai poucos días, os medios informativos recollían a destrución de parte dun dos conxuntos rupestres de Vilvestro, situado moi preto do Camiño xacobeo de Fisterra, no transcurso duns labores de roza e limpeza do terreo por parte do seu propietario. Non é a primeira vez que un feito semellante acontece. Con independencia dos estragos que ten producido noutras ocasións o lume sobre a superficie das rochas, no verán do ano pasado as cadeas dunha escavadora que traballaba na contorna produciron marcas nun

petróglypho nunha zona moi próxima ao afectado estes días, concretamente no lugar do Agro do Campo.

Sabido é que “non se protexe o que non se coñece”. Por iso, a tarefa fundamental para lograr a preservación dos petróglifos pasa por sinalalos axeitadamente, axudando á comprensión da súa importancia, ofrecendo información sobre a súa orixe e posibles significados e mesmo advertindo da responsabilidade de respectalos e as consecuencias de non facelo.

Ata o de agora, aparte do labor de divulgación encomiable que se ten realizado desde a citada asociación, non se ten feito nada tanxible sobre o terreo por parte do Concello ao longo de máis de un ano. Abonda con visitar os lugares dos achados e falar coas xentes do lugar para comprobar a falta de información e de coñecemento xeral sobre o particular, así como as dificultades para atopar as estacións e apreciar os gravados, sen ningún tipo de referencia, rodeados pola maleza e mesmo polo lixo, como tivemos ocasión de comprobar nun lugar tan emblemático como a Devesa da Rula.

A destrución parcial acontecida recentemente en Vilvestro indica a urxencia de adoptar medidas para protexer e dar a coñecemento xeral estes primitivos xacementos artísticos. Logo de rematada a catalogación por parte da Xunta de Galicia, cómpre activar as accións acordadas: a inclusión de todos os gravados no Plan Xeral de Ordenación Municipal e en todas aquelas normas que garantan o seu coñecemento e protección; a posta en valor do centro de interpretación existente desde o ano 2014 na antiga escola pública de Vilvestro e que a día de hoxe continúa sen funcionar regularmente e cun evidente aspecto de abandono; e, sobre todo, a limpeza e a información pública para facilitar a visita e para unha plena concienciación social da transcendencia de coidar e respectar cada un destes lugares.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular propón o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno Municipal a:

1. Adoptar con carácter urxente medidas para a protección e difusión pública de todos os petróglifos catalogados no termo municipal, procedendo á limpeza do seu contorno -de acordo cos titulares dos terreos-, unha completa sinalización sobre o terreo con información sobre os propios gravados e a responsabilidade do seu coidado e protección; así como a súa inclusión no Plan Xeral de Ordenación Municipal.
2. Continuar co desenvolvemento da totalidade das accións relacionadas co patrimonio rupestre contidas no acordo plenario de setembro de 2016, priorizando de forma

especial o acondicionamento e posta en valor do centro de interpretación existente na parroquia de Vilvestro.

Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 350, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a celebración do XL aniversario da Constitución Española.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo ano cumpriranse corenta anos desde aquel 6 de decembro de 1978, día en que o pobo español, cun 88% dos votos, deu o seu respaldo ao proxecto de Constitución aprobado polas Cortes Xerais, elixidas democraticamente o 15 de xuño de 1977, unha data digna tamén de recordo, homenaxe e recoñecemento.

Con exemplar responsabilidade e sentido construtivo, os españois dotámonos dunha norma constitucional que proclama no seu artigo 1 o principio fundamental do noso sistema de convivencia política, ao afirmar que “España se constitúe nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político”.

A etapa vivida no noso país ata chegar a ese 6 de decembro de 1978 constitúe, sen dúbida, unha das etapas máis fascinantes da nosa Historia contemporánea e continúa sendo, a día de hoxe, referente e modelo para outros países que transitan dun réxime autoritario a unha democracia sólida, baseada no imperio da lei, a participación democrática, o pluralismo político e a defensa dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

O amplo consenso entre as forzas políticas da época, tan dispares nas súas formulacións ideolóxicas previas, son a mellor proba da enorme xenerosidade de todos en aras a lograr o acordo, defender o ben común e superar os enfrontamentos do pasado, remando todos na mesma dirección, co fin de converter España nunha democracia moderna, recoñecendo, ademais, o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre elas, tal como proclama o artigo 2, e a propia autonomía local.

Os esforzos por buscar puntos de confluencia e a capacidade de antepoñer o sentido de Estado ás lexítimas aspiracións dos partidos políticos deron como froito unha Constitución que lle permitiu a España consolidar o seu réxime democrático e progresar

en todos os ámbitos: crecemento económico, desenvolvemento social, igualdade e pluralismo.

Corenta anos despois, eses acontecementos e a madurez democrática demostrada merecen o recoñecemento das institucións e aconsellan que desde o Concello se impulsen e promovan aqueles actos de homenaxe que permitan aos españois celebrar aquela data histórica de 1978 e transmitir ás xeracións futuras ese espírito de concordia.

Recreando aquel histórico consenso pretendemos que o Concello de Santiago se sume á iniciativa conxunta do Congreso e do Senado para alcanzar o maior acordo posible para divulgar o contido da Constitución e, en definitiva, render homenaxe a quen fixeron posible que baixo o paraugas do noso texto constitucional, España poida superar enfrontamentos, dificultades e conflitos e que hoxe podamos presumir de ser unha das democracias máis prósperas e asentadas da nosa contorna.

Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte

MOCIÓN:

O Concello de Santiago de Compostela manifesta:

- 1.- A súa adhesión aos actos conmemorativos que están promovendo e coordinando as Cortes Xerais para a celebración o 6 de decembro de 2018, do “Cuadrexésimo Aniversario da Constitución Española de 1978”, conforme ao acordado na reunión de Mesas conxuntas do Congreso e do Senado o pasado 20 de setembro de 2017.
- 2.- A tal fin, solicita participar nos devanditos actos, así como asumir o compromiso de realizar, no uso das competencias propias, as actividades que se consideren oportunas, buscando a participación de toda a cidadanía.
- 3.- Manifesta tamén o seu apoio ao Goberno da Nación en cantas actividades programe para esta celebración e a incorporación a cantos actos e actividades poidan ser apoiados e difundidos no noso municipio.
- 4.- Dar traslado destes acordos ás Mesas do Congreso e do Senado, e á Presidencia e Vicepresidencia do Goberno.

Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 351, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para resolver os desequilibrios retributivos entre os diferentes corpos e forzas de seguridade do Estado.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No transcurso dunha iniciativa impulsada polo Grupo Municipal na sesión plenaria do pasado mes de outubro na que se reclamaba o apoio aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado no marco dos acontecementos que se estaban a rexistrar na Comunidade catalá onde foron obxecto dun acoso constante para impedir que os axentes exerceran as funcións que lexitimamente teñen encomendadas, houbo unha certa coincidencia entre os grupos da Corporación acerca da existencia de importantes diferenzas salariais entre estes colectivos nos distintos territorios do Estado e a lóxica de avanzar cara a unha equiparación.

Tanto os atentados terroristas como a vulneración da legalidade que se ten producido en Cataluña axudaron a poñer aínda máis de realce entre a cidadanía a importancia dos corpos e forza de seguridade do Estado como garantes das liberdades para o sistema democrático. Iso fixo que se producira un xeral recoñecemento e admiración de toda a sociedade ao sentirse identificada co importante papel que prestan de forma especial a Policía Nacional e a Garda Civil, realizando un servizo público que se vén mantendo desde hai décadas, contribuíndo á conformación dunha sociedade libre nun marco de liberdades seguro.

Pero a pesar do excelente traballo que desenvolven, a Policía Nacional e a Garda Civil seguen a manter desde hai moitos anos unha menores percepcións salariais que outros corpos equiparables. Esa situación fixo que estes dous corpos se teñan mobilizado para tratar de rematar con esta discriminación que están sufrindo, co fin de lograr unha xusta aplicación do axioma “a igual funcións, igual salario”.

Desde o Grupo Popular, ademais de recoñecer e a valorar sen ambaxes o labor dos corpos e forzas de seguridade, compartimos a necesidade de acabar con esta discriminación e facer posible que o recoñecemento popular leve aparelado un necesario recoñecemento profesional por parte da Administración do Estado, e en particular do Ministerio do Interior. Porque, ata o momento segue a manterse unha situación de desigualdade que afecta non só ao ámbito salarial, senón tamén ás condicións laborais e profesionais. Unha circunstancia que para nada está a afectar a estes profesionais para levar a cao as súas funcións de forma exemplar, na defensa da seguridade cidadá e das liberdades públicas, nas comunidades e concellos onde están a actuar.

En atención a estas consideracións, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a consideración da Corporación o seguinte

ACORDO:

O Concello de Santiago de Compostela, en atención ao importante labor compartido que desempeñan os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado para a defensa dos dereitos e liberdades da cidadanía que emanan da legalidade constitucional, actuando como garantes do Estado de Dereito e da convivencia entre a cidadanía, acorda instar ao Goberno de España a incorporar nas próximas leis de Orzamentos Xerais do Estado, a partir do próximo ano 2018, as partidas necesarias para resolver progresivamente os desequilibrios retributivos que poidan existir entre os diversos membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e, á súa vez, dentro do marco legal orzamentario, para achegalos aos doutros corpos policiais.

Para o seu coñecemento, daráselle traslado deste acordo ao presidente e á vicepresidenta do Goberno de España, aos ministros de Xustiza e de Interior do Goberno de España, aos portavoces dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, aos portavoces dos grupos parlamentarios da Cámara autonómica, e á Xunta de Goberno da FEMP.

Rexistro de entrada do día 8 de novembro de 2017, núm. 353, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para solicitar a retirada do proxecto de reforma da Lei Galega de Saúde do ano 2008.

Exposición de motivos

O pasado mes de agosto, o Goberno da Xunta de Galicia iniciou un proceso de Reforma da Lei Galega de Saúde do ano 2008. A publicación do anteproxecto aberto a consultas públicas xa provocou as alarmas entre o sector sanitario, ao considerar que, entre outras cuestións, vai conlevar un novo recorte e unha maior precarización do sistema público de saúde.

O goberno municipal de Compostela Aberta comparte estas preocupacións e solicita a retirada do proxecto de Reforma da Lei Galega de Saúde do 2008 por diversos motivos.

En primeiro lugar, esta proposta de reforma limita, facendo inviable, a participación social. Concretamente, modifica a configuración dos órganos de participación social, que, na súa configuración actual, terían permitido realizar funcións esenciais de información previa á aprobación e posterior control das decisións de política sanitaria. Coa modificación do artigo 23 limitan o acceso á información e á documentación existente, co que se condiciona calquera capacidade de control.

A non posta en marcha dos órganos de participación cidadá da Lei de Saúde do 2008, tanto do Consello de Saúde de Galicia como dos Consellos de Saúde de Área, confirma

o anterior, xa que o novo artigo 24 introduce modificacións, tanto na súa composición como nas súas funcións, que fan inviable calquera control previo á aprobación ou posterior á execución do Plan de Saúde, contratos de servizos sanitarios, concertos, programas de subvencións, Memoria anual, proxectos de Orzamentos, prestacións e carteira de servizos.

Asemade, os novos artigos 25 e 26, que modifican o Consello de Saúde de Área e crean o Consello asesor de pacientes, deixan pendente de regular a súa composición e funcionamento en normas posteriores. Ademais o deixa á decisión da xerencia correspondente. Dende o Concello de Santiago de Compostela, temos solicitado reiteradamente a convocatoria destes órganos de participación social, sen ter unha resposta da Xunta de Galicia.

En segundo lugar, reduce as áreas sanitarias e consolida a exclusión da Atención Primaria. A modificación da lei adapta as Área Sanitarias ás actuais Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIS), que creou o goberno do PP, ao tempo que anulaba as Xerencias de Atención Primaria (AP). Deste xeito, preténdese eliminar as áreas sanitarias de A Mariña, Monforte, O Barco e o Salnés, deixando como únicas áreas sanitarias as 7 demarcación coincidentes coas EOXIS (Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

Paralelamente,coa modificación do artigo 69 crease un novo ámbito territorial, os distritos sanitarios, cada un deles cun Hospital de referencia; os sete comarcais, os 4 das áreas suprimidas (A Mariña, Monforte, O Barco e O Salnés), e os 3 que non sendo área anteriormente contan cun hospital comarcal de referencia (Cee, Barbanza e Verín); e os 7 coincidentes coas cabeceiras das EOXIS (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).

O artigo 69 di que: “Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria”.

Sen embargo, esta reforma nada apunta en relación á recuperación das estruturas directivas de Atención Primaria, unha demanda unánime das traballadoras de Atención Primaria. Tampouco se di nada da estrutura dos órganos directivos das Áreas nin dos distritos.

Neste senso, é importante salientar que dende o ano 2010, que os Centros de Saúde pasaron a depender das Xerencias Hospitalarias, produciuse unha enorme perda de poder e de recursos para o primeiro nivel asistencial, para os seus profesionais e usuarios/as.

Así, dende a entrada en vigor das EOXIS, o orzamento hospitalario creceu de 2.197 millóns de euros no ano 2010 a 2.270 no 2017, mentres que o de Atención Primaria pasounese mesmo período de 492 a 466 millóns. A participación da Atención Primaria no orzamento sanitario pasou ao 13,1% do total, moi por debaixo do 15,4% da media española ou do 25% que se fixou como óptimo no Plan de Mellora e na Estratexia AP 21.

Así mesmo, entre 2009 e 2015 o goberno do PP reduciu 1.795 prazas na sanidade pública; 1.154 en AP (64,3%) e 641 nos hospitais (35,7%). Como consecuencia máis do 50% das cotas están masificadas, con máis de 1.500 tarxetas individuais por médico/a (as sociedades científicas indican que non deberían superar as 1.250).

Esta situación obriga a atender unha media de entre 40 e 50 pacientes ao día, o que repercute na calidade da atención e na capacidade resolutiva, e obriga a enviar de xeito innecesario a moitos pacientes ao hospital, colapsando as urxencias e incrementando as listas de espera. En algúns Centros de Saúde, a espera para acudir a consulta chega a superar a semana, algo inadmisíbel no primeiro nivel asistencial.

En terceiro lugar, consolida o modelo privatizador de coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Así, o capítulo da nova Lei de saúde dedicado á investigación muda dun xeito significativo de nome: do inicial “Da investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia” ao modificado “Da investigación e a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia”. Asemade, omítese as referencias ás prioridades marcadas polo “Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica”, e introduce unha referencia as prioridades marcadas polos plans de investigación vixentes en cada momento - sen aclarar que plans e que papel xoga neles a sanidade pública e a industria privada-, pretendendo así lexitimar o modelo privatizador do coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde.

A Axencia galega do coñecemento, ao igual que outras axencias, foron creadas en aplicación da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración pública autonómica, como recolle un informe do Consello de Contas, creada para transferir á privada competencias do sector público, e tamén para incorporar cargos de libre designación que non teñen a condición de traballadores públicos, e dicir, para incorporar ás súas amigas e amigos a controlar o sistema público, e servir, prioritariamente, aos intereses privados.

Por todo o exposto, o grupo municipal de Compostela Aberta, propón para o seu debate e aprobación no pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a que retire o Anteproxecto de reforma da Lei Galega de Saúde, que perpetúa as Estructuras de Xestión Integrada; restitúa as Xerencias de Atención primaria e dotalas de medios e recursos para reforzar a capacidade de resolución e desenvolva a Lei Galega de Saúde do ano 2008.

Antes de proceder a entrar no debate das mocións, apróbase por unanimidade dos presentes, a seguinte Declaración Institucional que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (Compostela Aberta, Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG), co seguinte contido:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CO GALLO DO 25 DE NOVIEMBRE DE 2017, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A corporación municipal do Concello de Santiago Compostela manifesta que a violencia machista é un dos problemas máis graves ao que nos enfrontamos hoxe en día na nosa sociedade. Unha realidade estrutural que afecta, segundo ONU Mulleres, a un 35% das mulleres do planeta. No que vai de ano, cifras oficiais rexistran 44 mulleres asasinadas por violencia machista no conxunto do Estado, 1 delas en Galicia. Na última década, as estatísticas falan de 574 mulleres asasinadas, sendo estes datos unha pequena proporción do número de mulleres e nenas e nenos que viven de forma cotiá situacións de violencia de xénero.

Como é ben sabido, a causa de todas estas violencias está directamente vinculada coa hexemonía aínda vixente na nosa sociedade dunha cultura patriarcal, a través da cal se reproducen os roles de xénero, os comportamentos discriminatorios e machistas e un sen fin de desigualdades sociais para as mulleres. Por iso mesmo, a súa erradicación esixe a posta en marcha de actuacións de carácter integral e transversal, que busquen transformar esta cultura e que promovan unha sociedade plenamente igualitaria. Tal e como teñen manifestado de forma reiterada os movementos de mulleres e feministas, é preciso tomar conciencia de que o machismo mata e fai imposible a convivencia requirida nunha democracia.

Este pleno, por unanimidade, considera que a loita contra este tipo de violencias debe ser unha prioridade institucional e política para as administracións de todos os niveis de goberno. No caso dos gobernos estatal e autonómico, parece claro que esta problemática ten que ocupar un lugar central na axenda política. A pesar de levar anos lexislando a favor da igualdade de xénero, os resultados amosan que os esforzos realizados non foron suficientes e nalgúns casos cometéronse erros que compre emendar canto antes.

Neste senso, é urxente mellorar o marco legal actual, entre outras cousas, revisando a propia definición de violencia de xénero e o seu alcance, recoñecendo xuridicamente o fenómeno do feminicidio e incluíndo apoio económico, psicolóxico e social tanto para as mulleres nesta situación como para os fillos e fillas, etc. Tamén é necesario que estas administracións destinen máis recursos públicos para a abordaxe desta problemática e que garantan o traballo en materia de igualdade no ámbito preventivo e educativo. Neste senso, unha vez máis instamos á Xunta de Galicia a que avance na concreción do Pacto galego contra as violencias machistas acordado por unanimidade polo Parlamento galego o pasado 25 de xaneiro, e que, en todo caso, comece por incrementar o orzamento de 2018 para a prevención e a loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres co obxectivo de acadar o 1% do orzamento autonómico.

No marco da política municipal, o Concello de Santiago de Compostela comprométese a seguir tendo a violencia de xénero como unha das máximas prioridades na axenda política, a seguir incrementando os recursos municipais destinados a estas políticas, a continuar desenvolvendo medidas de concienciación do conxunto da veciñanza, e de prevención e educación para a igualdade entre as persoas máis novas. A administración local, por sermos a institución máis próxima á cidadanía, temos a responsabilidade de ser unha referencia na abordaxe desta problemática, e así o está sendo Santiago de Compostela. Por unha sociedade sen violencias machistas.”

A continuación procédese ao debate e posterior votación das mocións presentadas polos grupos políticos municipais, e foron adoptados os seguintes acordos:

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG, para mellorar o servizo de atención e coidado do alumnado con necesidades de apoio especiais, o Pleno da Corporación, por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do BNG e do Partido Popular (2 BNG e 9 PP), e 12 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE (9 CA e 3 PSdeG-PSOE), polo que é rexeitada a devandita moción.

Na moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, na que se solicitan melloras na rúa do Penedo e Parque Ponte Pereda en Conxo, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e do Partido Popular (3 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 9 PP), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda:

1.- Incluír os sete bloques de vivendas coñecidos como os da Campsa, en rúa do Penedo, no Plan de Ascensores, de modo que se poidan beneficiar das subvencións públicas para a súa instalación.

2.- Recuperar de forma inmediata as prazas de aparcadoiro perdidas durante as obras de execución do túnel de Conxo.

3.- Outorgar a tarxeta de residente ás persoas que viven nestes bloques de vivendas para facilitar o aparcamento na rúa do Penedo e proximidades.

4.- Levar a cabo as actuacións de mellora e mantemento do parque infantil Ponte Pereda e espazo de lecer situados na traseira destes bloques de vivendas.

Na moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, contra o abandono do medio rural galego, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de Compostela Aberta (3 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 9 CA), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Solicitar a Presidencia da Xunta de Galicia a apertura dunha mesa de traballo na que estean representadas todos os actores institucionais, sociais e económicos que poidan facer achegas para desenvolver medidas políticas urxentes para combater o abandono do medio rural galego.

2.- Esixir ao Goberno da Xunta de Galicia a dotación orzamentaria suficiente e sostida no tempo que permita afrontar de xeito claro e a marxe das convocatorias electorais, un plan de investimentos en infraestruturas, servizos e innovación que cambie a tendencia actual.

3.- Aplicación de inmediato dun paquete de medidas urxentes de contención económica que asegure a supervivencia das explotacións que se viron afectadas polas inclemencias climáticas (xeadas e seca) e os lumes catastróficos.

4.- Pedir que non se retrase nin un día máis a solución aos graves problemas estruturais que ameazan o futuro de agricultores e gandeiros, como a mobilidade de terras que permita o acceso ás terras aos mozos que se incorporarán nos próximos anos.

5.- Propoñer unha nova política forestal, que permita harmonizar os usos produtivos do monte coa protección medioambiental e a prevención dos lumes, buscando fórmulas efectivas que faciliten a agrupación forestal de terreos particulares, e buscando fórmulas que permitan poñer en produción agraria ou forestal as máis de 300.000 ha de montes veciñais en estado de grave abandono. Dando valor engadido á madeira dos nosos montes e xerando emprego industrial no rural.

6.- Reformar o Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia, de forma que estes Fondos da UE se dediquen realmente ao apoio a agricultores e gandeiros, reforzando as súas rendas, a través do coidado medioambiental do territorio que supoñen as terras agrarias.

7.- Abrir novas oportunidades económicas a través das enerxías renovables, na procura dun modelo multifuncional do noso rural, onde caiban novas iniciativas de creación de riqueza e emprego.

8.- Garantir unha axeitada electrificación e unha axeitada chegada da banda ampla de internet a todo o territorio rural galego, en condicións de igualdade coa calidade de acceso no medio urbano, para poder facilitar a chegada da Sociedade da Información e aposta en marcha de novos modelos de servizos e negocios asociados a ela.

9.- Apostar polos servizos no rural galego, mantendo os puntos de atención sanitaria e asistencial. Buscar solucións para evitar o peche de escolas, como desprazar rapaces das vilas aos lugares para completar o alumnado antes de pechar unha escola, garantindo o nivel de calidade na formación no ensino primario e secundario. Fomentando as axudas para natalidade e conciliación no medio rural.

10.- Poñer fin a sucesión de accións punitivas inxustificables contra as rendas dos produtores do rural por parte das administracións estatal e autonómica, (catastrazo, inspeccións abusivas de Traballo, descontrol en reclamacións fiscais, etc.).

É tempo pois da acción, da toma de medidas inmediatas que creen un punto de inflexión a partir do cal empezar a gañar o futuro do rural, porque non é certo que no rural non haxa nada que facer, senón ao contrario, no noso rural está todo por facerse para gañar o futuro.

Na moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre a licitación do novo centro de saúde de Conxo, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de Compostela Aberta (3 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 9 CA), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Instar á Consellería de Sanidade a incluír nos orzamentos da Xunta de Galicia para o 2018 o centro de saúde de Conxo, e que proceda a súa licitación á maior brevidade posible.

2.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade, ao Parlamento de Galicia e ao Presidente da Xunta.

3.- Comunicar a presente proposición ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para adopción de medidas urxentes para a protección do patrimonio rupestre, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (9 PP e 2 BNG), e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do PSdeG-PSOE (9 CA e 3 PSdeG-PSOE), acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a:

1. Adoptar con carácter urxente medidas para a protección e difusión pública de todos os petróglifos catalogados no termo municipal, procedendo á limpeza do seu contorno - de acordo cos titulares dos terreos-, unha completa sinalización sobre o terreo con información sobre os propios gravados e a responsabilidade do seu coidado e protección; así como a súa inclusión no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

2. Continuar co desenvolvemento da totalidade das accións relacionadas co patrimonio rupestre contidas no acordo plenario de setembro de 2016, priorizando de forma especial o acondicionamento e posta en valor do centro de interpretación existente na parroquia de Vilvestro.

Na moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a celebración do XL aniversario da Constitución Española, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), e 11 votos en contra correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e 2 do BNG (9 CA e 2 BNG), acorda:

1.- A adhesión do concello, aos actos conmemorativos que están promovendo e coordinando as Cortes Xerais para a celebración o 6 de decembro de 2018, do “Cuadraxésimo Aniversario da Constitución Española de 1978”, conforme ao acordado na reunión de Mesas conxuntas do Congreso e do Senado o pasado 20 de setembro de 2017.

2.- A tal fin, solicitar participar nos devanditos actos, así como asumir o compromiso de realizar, no uso das competencias propias, as actividades que se consideren oportunas, buscando a participación de toda a cidadanía.

3.- Manifestar tamén o seu apoio ao Goberno da Nación en cantas actividades programe para esta celebración e a incorporación a cantos actos e actividades poidan ser apoiados e difundidos no noso municipio.

4.- Dar traslado destes acordos ás Mesas do Congreso e do Senado, e á Presidencia e Vicepresidencia do Goberno.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para resolver os desequilibrios retributivos entre os diferentes corpos e forzas de seguridade do Estado, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-POSE), e 2 votos en contra correspondentes o/a concelleiro e concelleira do grupo municipal do BNG, e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda:

O Concello de Santiago de Compostela, en atención ao importante labor compartido que desempeñan os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado para a defensa dos dereitos e liberdades da cidadanía que emanan da legalidade constitucional, actuando como garantes do Estado de Dereito e da convivencia entre a cidadanía, acorda instar ao Goberno de España a incorporar nas próximas leis de Orzamentos Xerais do Estado, a partir do próximo ano 2018, as partidas necesarias para resolver progresivamente os desequilibrios retributivos que poidan existir entre os diversos membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e, á súa vez, dentro do marco legal orzamentario, para achegalos aos doutros corpos policiais.

Para o seu coñecemento, daráselle traslado deste acordo ao presidente e á vicepresidenta do Goberno de España, aos ministros de Xustiza e de Interior do Goberno de España, aos portavoces dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, aos portavoces dos grupos parlamentarios da Cámara autonómica, e á Xunta de Goberno da FEMP.

Con relación á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para solicitar a retirada do proxecto de reforma da Lei Galega de Saúde do ano 2008, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda instar á Xunta de Galicia a que retire o Anteproxecto de reforma da Lei Galega de Saúde, que perpetúa as Estructuras de Xestión Integrada; restitúa as Xerencias de Atención primaria e dotalas de medios e recursos para reforzar a capacidade de resolución e desenvolva a Lei Galega de Saúde do ano 2008.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 21:50 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández